

**Ilma. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO**

Visto o informe proposta emitido pola Vicesecretaria do día 03/06/2020 do seguinte teor literal:

**“ASUNTO: LEVANTAMENTO DA SUSPENSIÓN DOS PRAZOS DOS PROCESOS SELECTIVOS.**

Visto o decreto nº 1912/2020 do 26 de marzo de 2020 da Tenenta de Alcaldesa delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos polo que se RESOLVE publicar na páxina web do Concello de Lugo a suspensión automática de todos os procesos selectivos en tramitación, reanudándose o prazo unha vez levantado o estado de alarma.

A día de hoxe, co avance das diferentes fases da desescalada e visto o obxectivo de alcanzar a nova normalidade, mediante o Real Decreto 537/2020 acordouse o levantamento da suspensión e interrupción xeral dos prazos administrativos desde o día 1 de xuño de 2020, inclusive.

Tendo o Concello de Lugo iniciados expedientes de cobertura de prazos e provisión de postos de traballo, e reanudándose os prazos suspendidos, en concreto:

- A cobertura de prazos de dous/dúas oficiais e un/unha inspector/a principal mediante anuncio no BOE nº 55 de 4 de marzo, para a presentación de instancias, rematando o prazo o día 10 de xuño de 2020.
- A cobertura dunha praza de intendente mediante anuncio no BOE nº 55 de 4 de marzo, para a presentación de instancias, rematando o prazo o día 17 de xuño de 2020.
- A cobertura dunha praza de Director/a da Banda de Música mediante o anuncio no BOE nº 82 do 25 de marzo de 2020 para a presentación de instancias, rematando o prazo o día 29 de xuño de 2020.
- A cobertura dun posto de Xefe/a de Servizo de Persoal mediante comisión de servizos por seis meses prorrogables mediante o anuncio no DOG nº 65 do 2 de abril de 2020 para a presentación de instancias, rematando o prazo o día 10 de xuño de 2020.

En aras da seguridade xurídica propónse publicar na páxina web do Concello de Lugo o levantamento da suspensión acordada polo Real Decreto 463/2020 do 15

de marzo, de todos os procesos selectivos en tramitación, reanudándose o prazo dende o 1 de xuño, inclusive.”

No uso das atribucións conferidas mediante o acordo de delegación adoptado na Xunta de Goberno Local do día 17/0/2019, **RESOLVO**:

Publicar na páxina web do Concello de Lugo o levantamento da suspensión acordada polo Real Decreto 463/2020 do 15 de marzo, de todos os procesos selectivos en tramitación, reanudándose o prazo dende o 1 de xuño, inclusive.